



**Instrución para a aplicación da Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga), en relación coa validación de estudos polos ditos certificados, e da Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se desenvolve o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, en relación coa exención da materia de lingua galega, a partir da implantación das ensinanzas de formación profesional básica e do Programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento (PMAR) establecidas pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE)**

A Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE) veu implantar novas ensinanzas como a FP básica, en substitución do Programa de cualificación profesional inicial (PCPI), e o Programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento (PMAR), en substitución do Programa de diversificación curricular.

Tras a implantación destas ensinanzas nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, é preciso ditar as seguintes instrucións, co fin de ter en conta en relación coa validación de estudos polo Celga 3 e coa exención da materia de lingua galega:

### **Primeira. Validación de estudos polo certificado de lingua galega (Celga)**

O punto 3 do anexo I da Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga) sinala, nas súas alíneas e) e f), que obterán a validación polo Celga 3:

e) Aquelas persoas que teñan aprobado o ámbito de comunicación –no que estea incluída a materia de lingua galega– dos módulos formativos de carácter voluntario conducentes á obtención do título de graduado en ESO do Programa de cualificación profesional inicial e que estean en posesión do título de graduado en ESO.

f) Aquelas persoas que cursasen e superasen en Galicia de maneira oficial a materia de lingua galega en primeiro e segundo da ESO, o ámbito lingüístico e social –no que estea incluída a materia de lingua galega– do Programa de diversificación curricular, e que estean en posesión do título de graduado en ESO. Se o alumno ou a alumna se incorpora ao Programa de diversificación curricular en cuarto da ESO, ademais de cumprir estes requisitos, deberá ter aprobada a materia de lingua galega en 3º da ESO.

Co fin de ter en conta as ensinanzas de FP básica e PMAR, débese entender que tamén teñen dereito á validación polo Celga 3:

- Aquelas persoas que teñan aprobados os módulos comúns de comunicación e sociedade –nos que estea incluída a materia de lingua galega– das ensinanzas de FP básica e que estean en posesión do título de FP básica.

- Aquelas persoas que cursasen e superasen o ámbito lingüístico e social –no que estea incluída a materia de lingua galega– do Programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento (PMAR) mais a materia de lingua galega en 4º da ESO, e que estean en posesión do título de graduado en ESO.

## Segunda. Exención da materia de lingua galega

### Requisitos para a obtención da exención temporal da materia de lingua galega

O artigo 3 da Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se desenvolve o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia recolle os requisitos para a obtención da exención temporal da materia de lingua galega:

O alumnado procedente doutras comunidades autónomas ou dun país estranxeiro que se incorpore ao sistema educativo de Galicia no 3º ciclo de educación primaria, en educación secundaria obrigatoria ou en bacharelato poderá obter unha exención temporal da cualificación das probas de avaliación da materia de lingua galega durante un máximo de dous cursos escolares consecutivos.

Co fin de ter en conta as ensinanzas de FP básica e PMAR, débese entender o seguinte:

Respecto da FP básica, tamén pode solicitar a exención:

O alumnado procedente doutras comunidades autónomas ou dun país estranxeiro que se incorpore ao sistema educativo de Galicia na FP básica.

O sinalado anteriormente pode implicar que se combine a obtención da exención da materia de lingua galega nun curso da ESO coa da materia de lingua galega incluída no módulo común de comunicación e sociedade nun curso da FP básica.

Respecto do PMAR, tamén é posible que se combine a obtención da exención da materia de lingua galega nun curso da ESO coa da materia de lingua galega incluída no ámbito lingüístico e social nun curso do PMAR.

A exención que afecte os módulos comúns de comunicación e sociedade da FP básica e o ámbito lingüístico e social do PMAR supón que a avaliación destes se efectúe sen ter en conta a materia de lingua galega. Nas actas de avaliación debe constar que o alumno ou alumna conta coa exención.


Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2018

O secretario xeral de Política Lingüística

  
Valentín García Gómez



O director xeral de Educación,  
Formación Profesional e Innovación Educativa

  
Manuel Corredoira López

